

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MEMORIA

FEBREIRO 2021



1. Lee o seguinte texto e, a continuación, responde ás preguntas procurando non mirar o texto. En caso de dúbida, volve a ler a parte que non lembres.

José María Gagino Vidal, coñecido artisticamente coma Chema Gagino, naceu en Corme, concello de Ponteceso, en 1964. É actor, director e guionista do audiovisual galego.

Comezou como actor e director de dobraxe en 1985, dando voz a actores como Woody Allen ou Jerry Lewis. En 1993 iniciouse nas curtametraxes. En 1998 pasou a dirixir a serie Mareas vivas (sexta e sétima tempadas), e posteriormente dirixiu as seis entregas de Terra de Miranda, traballando ademais como guionista e argumentista.

No ano 2002 foi nomeado a mellor director dos Premios Mestre Mateo polo seu traballo en Terra de Miranda e galardoado no premio de mellor guión por Entre Bateas.

CUESTIÓNS:

- Nome completo:

- Lugar de nacemento:

- Ano de nacemento:

- De que serie dirixiu a sexta e sétima tempadas?

- Traballo polo que lle concederon no 2002 o Premio Mestre Mateo:

2. **VISUALIZACIÓN:** memoriza durante un minuto tódolos números e palabras do cadro. Seguidamente, pasa a seguinte páxina.

2- Árbore	Botica- 8
3- Pedra	Bandeira- 1
Area- 7	5- Fiestra
Piso- 4	Radiador- 6

Sen volver a mirar o cadro anterior, identifica qué palabras e números faltan no seguinte recadro. Olo que todas as palabras-números trocaron a posición.

Piso- 4	-8
5- Fiestra	Radiador- 6
Area- 7	2-
3- Pedra	Bandeira - 1

3. **ASOCIACIÓN.** Escribe polo menos 20 palabras, sen repetir ningunha, que sexan de cristal ou conteñan unha parte de cristal na súa composición.

Exemplos: Vaso, cinceiro...

4. MEMORIA DE TRABAJO. Lee con atención as seguintes listas de palabras dúas veces e a continuación escribe (sen volver mirar as listas) tódalas palabras que recordes.

LISTA 1, son 7 froitos de cor vermella (ou que poden ser de cor vermella): FRESA, GRANADA, CEREIXA, MAZÁ, POMELO, MELÓN e UVA.

Escribe agora as que lembres.

LISTA 2, son 7 palabras aleatorias: MOI, LEITE, PEDRO, PRÉSA, MAIS, QUEIXO e ZORRA .

Escribe agora as palabras que recordes.

5. **MEMORIA VISUAL.** Debaixo destas liñas preséntase unha fotografía de produción da serie **Mareas Vivas**. Observa a imaxe durante 30 segundos e trata de recordar tódolos detalles que podas para responder as cuestións a continuación.



CUESTIÓNS:

- Das catro persoas que saen en primeiro plano, cantas xente levan gorro (ou similares)?
- Deses mesmos catro, cantos levan gafas?
- De qué cor é o impermeable da muller que se atopa máis na esquerda ?
- Alguén dos que saen en primeiro plano ten un cigarro na man?
- Extra: recordas como se chamaba a vila ficticia na que tiña lugar Mareas Vivas?

6. **CÁLCULO:** multiplica, suma e resta cada unha das seguintes filas e escribe o resultado final despois do símbolo de igual. A continuación ordena de menor a maior os resultados:

a) $8 \times 9 + 5 - 8 + 3 + 3 - 5 + 2 =$

b) $7 \times 3 + 9 - 7 + 8 - 5 + 3 + 4 =$

c) $9 \times 4 + 7 + 2 - 6 - 3 + 8 + 9 =$

d) $6 \times 8 + 3 - 5 + 4 + 7 - 4 + 6 =$

e) $5 \times 6 + 9 - 6 + 8 - 3 + 2 + 7 =$

f) $3 \times 8 + 7 - 4 + 5 + 9 - 6 - 4 =$


Ordena aquí de menor a maior os resultados:

--	--	--	--	--	--

g) VISUALIZACIÓN. Le atentamente o seguinte texto e trata de memorizalo. Trata de visualizar toda a información mentalmente tomando coma referencia, por exemplo, o teu propio corpo.

“Debuxa a esquerda do recadro inferior un cadrado, enriba del debuxa un floreiro con tres flores, a da esquerda de seis pétalos, a da dereita de cinco e a do medio de catro pétalos. Na parte superior dereita do recadro debuxa un reloxo que marque as 15:30 horas e na parte inferior dereita debuxa unha pelota”

TAREFA: lee o texto as veces que che fagan falta ata que máis ou menos teñas na túa cabeza unha imaxe do que se describe nel. A continuación pasa a seguinte folla e debuxa no recadro, de memoria, o que recordes do que acabas de memorizar. Despois de facelo, volve ler o texto e compara se o que debuxaches e o que estaba escrito concordan. Tamén podes volver a intentalo, se queres, ata que consigas debuxar totalmente o que o texto describe.



h) MEMORIA EVOCATIVA. Lembras as palabras que vimos no Exercicio 4? Tés que lembrar os 7 froitos de cor vermella (ou que poden ser de cor vermella) da lista 1.

i) **SUDOKUS.** Completa os seguintes Sudokus sen repetir ningún número na mesma fila, columna ou cadrado poñendo os números que faltan do 1 ao 6.

		4			
	5			4	6
1	4		5		2
4		2		1	5
6	1			2	

Para resolver o seguinte, hai que seguir o mesmo método pero cos números do 1 ao 9.

6	3				2		9	4
9	5	1	7		6			8
4	8	2			9		6	7
8				9	1			2
1		5	2	7		9		3
				5		7		
2	9	3	4		7			5
	4			1			2	
	1	6	8		3	4		9

j) **ATENCIÓN SOSTIDA E MEMORIA DE TRABAJO.** Conta o número de “A” e “U” presentes no seguinte texto.

Cada A vale 4.

Cada U vale 2.

Unha vez sumado o total correspondente do grupo de “A” e “U”, fai a seguinte operación:

A - U

O servizo de Orientación Laboral do Concello de Fene informa que no marco do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña vaise impartir formación en Salvamento e Socorrismo Acuático.

A =

U =

A - U =

SOLUCIÓNS:

EXERCICIO 1

1. José María Gagino Vidal (Chema Gagino)
2. Corme, Ponteceso.
3. 1964.
4. Mareas Vivas.
5. Mellor guión con Entre Bateas.

EXERCICIO 2

Piso- 4	Botica-8
5- Fiestra	Radiador- 6
Area- 7	2- Árbore
3- Pedra	Bandeira - 1

EXERCICIO 5

1. 2.
2. 3.
3. Amarelo.
4. Si.
5. Portozás.

EXERCICIO 6

- a) $8 \times 9 + 5 - 8 + 3 + 3 - 5 + 2 = 72$
- b) $7 \times 3 + 9 - 7 + 8 - 5 + 3 + 4 = 33$
- c) $9 \times 4 + 7 + 2 - 6 - 3 + 8 + 9 = 53$
- d) $6 \times 8 + 3 - 5 + 4 + 7 - 4 + 6 = 59$
- e) $5 \times 6 + 9 - 6 + 8 - 3 + 2 + 7 = 47$
- f) $3 \times 8 + 7 - 4 + 5 + 9 - 6 - 4 = 31$

31	33	47	53	59	72
----	----	----	----	----	----

EXERCICIO 9

2	6	4	3	5	1
3	5	1	2	4	6
5	2	6	1	3	4
1	4	3	5	6	2
4	3	2	6	1	5
6	1	5	4	2	3

6	3	7	1	8	2	5	9	4
9	5	1	7	4	6	2	3	8
4	8	2	5	3	9	1	6	7
8	7	4	3	9	1	6	5	2
1	6	5	2	7	4	9	8	3
3	2	9	6	5	8	7	4	1
2	9	3	4	6	7	8	1	5
7	4	8	9	1	5	3	2	6
5	1	6	8	2	3	4	7	9

EXERCICIO 10

$$18 A / 18 \times 4 = 72$$

$$4 U / 4 \times 2 = 8$$

$$A - U = 72 - 8 = \underline{64}$$